



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 13 DO 26 DE OUTUBRO DE 2023

Exp. núm.: 2023/G003/001035

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

Non asiste o concelleiro D. José Vázquez Rama (PP) por causa xustificada.

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 12 do pleno ordinario do 28 de setembro de 2023

SEGUNDO. Toma de razón da renuncia presentada o 29 de setembro de 2023 pola concelleiro pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego, D. Severino Figueiras Lestón (Exp. núm.: 2023/Q001/000008)

TERCEIRO. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da obra de mellora da área de lecer infantil da avenida Castelao, Muros (Exp. núm.: 61/2020)

CUARTO. Aprobación da Ordenanza da administración electrónica do Concello de Muros (Exp. núm.: 2023/C006/000001)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

QUINTO. Moción:

- a) **Moción presentada polo grupo de goberno do Concello de Muros sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia (Exp. núm.: 2023/G012/000015)**

B. MOCIÓN DE URXENCIA

C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

SEXTO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 807/2023 do 1 de setembro de 2023 ata o núm. 924/2023 do 30 de setembro de 2023, e da XGL núm. 17 de 6 de setembro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

SÉTIMO. Rogos e preguntas

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 12 do pleno ordinario do 28 de setembro de 2023

A señora alcaldesa sinala que se detectou un erro na parte dos rogos do Partido Popular en vez de dicir "ratificación" debería ser "desratización" polo que se ten que modificar.

A Sra. Monteagudo indica que hai un erro no envío do expediente electrónico, na documentación comprimida pon sesión plenaria núm. 13 do 26 de setembro e debería ser do 28 de setembro.

O Sr. Lago di que nada que dicir, nada que engadir.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1) aproba por unanimidade a acta do sesión plenaria ordinaria núm. 12 do 28 de setembro de 2023.

SEGUNDO. Toma de razón da renuncia presentada o 29 de setembro de 2023 pola concelleiro pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego, D. Severino Figueiras Lestón (Exp. núm.: 2023/Q001/000008)

A señora alcaldesa afirma que de acordo co solicitado o 29 de setembro de 2023 polo concelleiro pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego, D. Severino Figueiras Lestón, dáse conta ao Concello de Muros de:

PRIMEIRO. Toma de razón por parte da Corporación Municipal da renuncia presentada en data 29 de setembro de 2023 pola concelleiro pertencente á candidatura do Bloque Nacionalista Galego, D. Severino Figueiras Lestón.

SEGUNDO. Declarar a vacante do cargo de concelleiro deste Concello producida pola dimisión de D. Severino Figueiras Lestón e de acordo co artigo 182 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, remitir certificación desta toma de razón á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de concelleira da seguinte candidata da lista electoral do Bloque Nacionalista Galego, Da. Maruxa Martínez Romani.

TERCEIRO. Notificar este acordo a D. Severino Figueiras Lestón, agradecéndolle os servizos prestados neste Concello.

A señora alcaldesa sinala que o compañeiro Severino pediulles que se despidan da súa parte e que non quere facer grandes declaracións sobre o porqué da súa renuncia, e insiste en que se debe a motivos estritamente persoais.

TERCEIRO. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da obra de mellora da área de lecer infantil da avenida Castelao, Muros (Exp. núm.: 61/2020)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa sinala que este punto responde á necesidade de incorporar a obra realizada no parque infantil, única e exclusivamente a obra, para xustificar a subvención recibida. A proposta que se trae é efectivamente a da súa incorporación que é como segue:

“ANTECEDENTES

Á vista do Convenio de colaboración interadministrativa asinado o 24 de outubro de 2022 entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Mellora da área infantil da avenida Castelao, Muros, de acordo co proxecto elaborado pola arquitecto técnico municipal, D. Antonio Abeijón Muñiz de data 8 de marzo de 2022, e aprobado definitivamente por Resolución da Alcaldía número 524/2022 de 5 de maio cun orzamento de execución de 65.003,98 €, IVE incluído.

A vista da cláusula VI do citado convenio onde establece que para a xustificación da axuda recibida é preciso certificar a incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

Vista acta de recepción da citada obra do 4 de outubro de 2023 Esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación das obras realizadas no proxecto MELLORA DA ÁREA DE LECER INFANTIL DA AVENIDA CASTELAO elaborado pola arquitecto técnico municipal, D. Antonio Abeijón Muñiz de data 8 de marzo de 2022, e aprobado definitivamente por Resolución da Alcaldía número 524/2022 de 5 de maio cun orzamento de execución de 65.003,98 €, IVE incluído, ao inventario de bens do Concello de Muros, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

A Sra. Monteagudo afirma que non ten nada que comentar, só que se incorpora a parte da obra que se asinou no convenio. Pero esperábase outra obra maior que non entenden por que non se inclúe nesta proposta.

O Sr. Lago di que as dúbidas que tiña na comisión non se lle resolveron, polo que cando se fala do inventario, lembra que escribiu unha solicitude o 10 de xullo pedindo copia do inventario do concello, e en consecuencia, preténdeno incluír o que chaman as obras, e di que considera que a actuación no parque infantil é unha actuación moi boa e moi necesaria, tan necesaria como adaptar os elementos dos rapaces á normativa actual, considéroo importantísimo, pero non recibiu información sobre a relación de bens polo que vaise abster.

A señora alcaldesa dille ao Sr. Lago que están a votar a incorporación desta obra ao inventario.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal socialista (3); e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1) aproba por maioría absoluta a seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación das obras realizadas no proxecto MELLORA DA ÁREA DE LECER INFANTIL DA AVENIDA CASTELAO elaborado pola arquitecto técnico municipal, D. Antonio Abeijón Muñiz de data 8 de marzo de 2022, e aprobado definitivamente por Resolución da Alcaldía número 524/2022 de 5 de maio cun orzamento de execución de 65.003,98 €, IVE incluído, ao inventario de bens do Concello de Muros, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

CUARTO. Aprobación da Ordenanza da administración electrónica do Concello de Muros (Exp. núm.: 2023/C006/000001)

A señora alcaldesa indica que vai ler os puntos a aprobar na ordenanza municipal reguladora da administración electrónica do Concello de Muros.

A ordenanza é do seguinte literal:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA AMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE MUROS

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo

Artigo 4. Principios xerais

Artigo 5. Principios organizativos da administración electrónica

Artigo 6. Principios de difusión da información administrativa electrónica

Artigo 7. Principios de acceso electrónico da cidadanía ao procedemento administrativo

Artigo 8. Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica

Artigo 9. Dereitos da cidadanía

Artigo 10. Deberes da cidadanía

TÍTULO II. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

Capítulo I. A tramitación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 11. Da innovación e a simplificación no ámbito procedimental

Artigo 12. Da innovación, apertura e participación no ámbito regulamentario

Artigo 13. Da tramitación simplificada

Capítulo II. A notificación dos procedementos administrativos electrónicos

Artigo 14. Órgano competente para a notificación

Artigo 15. Prazo para a notificación

Artigo 16. Protección de datos e outros límites aplicables á notificación



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Artigo 17. Enderezo de correo electrónico de aviso para a notificación

Artigo 18. Práctica electrónica da notificación

Artigo 19. Práctica da notificación en soporte papel

Artigo 20. Publicación de anuncios de notificación infrutuosa

Capítulo III. O arquivo electrónico

Artigo 21. Arquivo electrónico de documentos

Artigo 22. Suxeición á normativa reguladora da xestión dos arquivos

Artigo 23. Acceso aos arquivos electrónicos

TÍTULO III. A SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 24. Sede electrónica

Artigo 25. Características das sedes electrónicas

Artigo 26. Contido e servizos da sede electrónica

TÍTULO IV. IDENTIFICACIÓN E SINATURA ELECTRÓNICA

Capítulo I. Identificación e sinatura electrónica das persoas interesadas

Artigo 27. Identificación das persoas interesadas

Artigo 28. Sinatura electrónica

Capítulo II. Identificación e sinatura electrónica do Concello

Artigo 29. Actuación administrativa automatizada

Artigo 30. Identificación e sinatura electrónica de persoal electo ou empregado do Concello de Muros

TÍTULO V. A DIFUSIÓN E ACCESO DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA A TRAVÉS DE MEDIOS ELECTRÓNICOS

Capítulo I. A publicidade activa

Artigo 31. A publicidade activa

Capítulo II. O acceso á información pública

Artigo 32. O acceso á información pública

Capítulo III. O taboleiro de anuncios electrónico

Artigo 33. Obxecto

Artigo 34. Protección de datos



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Artigo 35. Funcionamento do taboleiro de anuncios do concello

Artigo 36. Taboleiro edictal único

TÍTULO VI. O REXISTRO ELECTRÓNICO

Artigo 37. Creación do Rexistro electrónico xeral

Artigo 38. Funcionamento do Rexistro electrónico xeral

Artigo 39. Cómputo de prazos nos rexistros

Artigo 40. Documentos achegados polas persoas interesadas no procedemento administrativo

TÍTULO VII. NORMAS SOBRE ORGANIZACIÓN

Artigo 41. Órganos competentes

Artigo 42. Habilitación competencial

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Segunda. Incorporación e publicidade de novos procedementos e trámites

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Regulación de novos procedementos e trámites

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público, obriga a adaptar ás mesmas ás ordenanzas e regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da administración electrónica.

Dende o punto de vista da cidadanía, recoñécense unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa administración, canle que obrigatoriamente deberá ser a electrónica para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa é outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase en numerosos preceptos como a posibilidade de presentar unha declaración responsable onde anteriormente se necesitaba unha solicitude, ou o dereito a non presentar ningún documento que se orixine en calquera administración pública.

Dende o punto de vista da administración, ante todo debe implantar os mecanismos para facer efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Dende o punto de vista da tramitación destes expedientes, a clave é a sinatura electrónica, debendo dispor dun certificado de sinatura todos os empregados públicos que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento, ben para asinar, stricto sensu, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa sinatura electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

En definitiva, a necesidade de adaptación ás novas leis de procedemento e réxime xurídico, así como de protección de datos e transparencia, xustifican a necesidade da aprobación desta ordenanza.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

- 1. Esta ordenanza ten como obxecto o desenvolvemento do procedemento administrativo común para a xestión administrativa do Concello de Muros e cuxa tramitación se realizará, en todo caso, por medios electrónicos, en aplicación das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*
- 2. Para ese efecto, esta ordenanza regula as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre o Concello e o resto de entidades integrantes do sector público, así como nas relacións coa cidadanía a fin de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos.*
- 3. Así mesmo, esta ordenanza establece os principios reguladores da incorporación dos trámites e dos procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica.*
- 4. Esta ordenanza dítase ao amparo da potestade regulamentaria e da autoorganización municipal recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en virtude do artigo 70.bis 3 da citada norma.*

Artigo 2. Ámbito de aplicación subxectivo

- 1. Esta ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que, de aquí en diante, serán denominadas conxuntamente como Concello:*
 - a) Os órganos administrativos integrantes do Concello de Muros.*
 - b) Os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste.*
 - c) As sociedades mercantís e outras entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes daquel, cando exerzan potestades administrativas e naqueles contidos desta ordenanza que especificamente se refiran ás mesmas.*
- 2. Así mesmo, aplicarase aos adxudicatarios de contratos de xestión de servizos públicos municipais, cando así o dispoñan os pregos de licitación ou outros documentos contractuais, nas súas relacións co Concello e cos usuarios e a cidadanía, no marco da prestación de servizos públicos correspondentes.*
- 3. Esta ordenanza será igualmente aplicable á cidadanía, entendendo por tal a quen teñan capacidade de obrar ante as Administracións públicas, cando utilicen medios electrónicos nas súas relacións co Concello e co resto de entidades referidas ao apartado uno.*

Artigo 3. Ámbito de aplicación obxectivo

- 1. Esta ordenanza aplicarase ás actuacións en que participe o Concello e, concretamente ás seguintes:*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- a) *As relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico administrativo.*
 - b) *A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder do Concello.*
 - c) *A realización dos trámites e procedementos administrativos, de conformidade co que prevé esta ordenanza.*
 - d) *O tratamento da información obtida polo Concello no exercicio das súas potestades.*
2. *Os principios xerais contidos nesta ordenanza son aplicables, así mesmo, ás comunicacións da cidadanía non sometidas ás normas do procedemento administrativo, e de maneira especial a comunicación de avisos e de incidencias, a presentación de reclamacións e queixas, a formulación de suxestións, a realización de preguntas aos órganos locais e as peticións e outras formas de participación, mentres non sexan obxecto dunha regulación específica.*
3. *O Concello garantirá o acceso da cidadanía aos servizos electrónicos a través dun sistema de varias canles que conte, polo menos, cos seguintes medios:*
- a) *Oficinas de atención presencial que se determinen, as cales poñerán á disposición da cidadanía de forma libre e gratuíta os medios e instrumentos precisos para exercer os dereitos recoñecidos nesta ordenanza, debendo contar con asistencia e orientación sobre a súa utilización, ben a cargo do persoal das oficinas en que se sitúen ou ben por sistemas incorporados ao propio medio ou instrumento.*
 - b) *Puntos de acceso xeral electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes, dispoñibles para a cidadanía a través de redes de comunicación.*
 - c) *Servizos de atención telefónica que, na medida en que os criterios de seguridade e as posibilidades técnicas permítano, faciliten á cidadanía o acceso ás informacións e servizos electrónicos aos que se refiren os apartados anteriores.*

Artigo 4. Principios xerais

1. *Concello, e os seus entes dependentes, deberán respectar na súa organización, a súa actuación e as súas relacións co resto de entidades do sector público e coa cidadanía, os principios enumerados no artigo 3 da Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
2. *Así mesmo, a fin de reforzar, desenvolver e pormenorizar a nivel local a implantación do procedemento administrativo electrónico, deberán actuar conforme os principios que se enumeran nos artigos seguintes.*

Artigo 5. Principios organizativos da administración electrónica

a. Principio de servizo á cidadanía

Que obriga a impulsar o acceso electrónico á información, os trámites e os procedementos administrativos, para posibilitar a consecución máis eficaz dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

b. Principio de simplificación administrativa

Cuxo obxectivo é alcanzar unha simplificación e integración dos procesos, procedementos e trámites administrativos, e de mellorar o servizo á cidadanía, aproveitando a eficiencia que comporta a utilización de técnicas de administración electrónica, en particular eliminando todos os trámites ou as actuacións que se consideren non relevantes e redeseñando os procesos e os procedementos administrativos, de acordo con a normativa aplicable, utilizando ao máximo as posibilidades derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

c. Principio de impulso de medios electrónicos

Que obriga a impulsar decididamente o uso efectivo dos medios electrónicos no conxunto das súas actividades e, en especial, nas relacións coa cidadanía.

d. Principio de neutralidade tecnolóxica

Que garante a realización das actuacións reguladas nesta ordenanza, con independencia dos instrumentos tecnolóxicos utilizados, de maneira que sexan a mesma evolución tecnolóxica e a adopción das tecnoloxías dentro da sociedade as que determinen a utilización dos medios tecnolóxicos que, en cada momento, sexan máis convenientes, evitando especialmente concertacións co sector privado que se afasten do interese xeral. E de forma particular, a promoción do uso de software de código aberto na administración electrónica.

e. Principio de interoperabilidade

Que garante a adopción dos estándares de interoperabilidade e velarán, respectando criterios de seguridade, adecuación técnica e economía de medios, para que os sistemas de información utilizados sexan compatibles e recoñezanse cos da cidadanía e os doutras Administracións.

f. Principio de confidencialidade, seguridade e protección de datos

Que garante a protección da confidencialidade e seguridade dos datos da cidadanía, de conformidade cos termos definidos na normativa sobre protección de datos e nas outras normas relativas á protección da confidencialidade dos datos. Serán obxecto de especial protección os datos persoais dos cidadáns e as cidadás contidos na información que usen en común os diferentes órganos e departamentos do Concello.

g. Principio de transparencia

Que obriga a facilitar a máxima difusión, publicidade e transparencia da información que conste nos seus arquivos e das actuacións administrativas, de conformidade coa lexislación sobre transparencia do sector público e o resto do ordenamento xurídico, así como cos principios establecidos nesta ordenanza.

h. Principios de eficacia, eficiencia e economía

Estes principios presidirán a implantación dos medios electrónicos que, en particular, realizarase segundo os seguintes criterios:

- *O impacto e a utilización por parte da cidadanía dos servizos municipais afectados.*
- *Os colectivos de poboación aos que se dirixe.*
- *As melloras alcanzábeis para a prestación do servizo.*
- *A integración dos sistemas de relación coa cidadanía, co resto da organización municipal e cos seus sistemas de información.*
- *O nivel de esforzo técnico, organizativo e económico requirido.*
- *A madurez e dispoñibilidade das tecnoloxías.*

i. Principio de cooperación

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión, establecendo convenios, acordos e contratos cos colexios profesionais, asociacións e outras entidades, para facilitar a relación dos seus asociados e clientes coa Administración.



I. Principio de participación

Que obriga a promover o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de queixas, reclamacións e suxestións, así como o debate público e a expresión de ideas e opinións, a través de diferentes tipos de instrumentos propios dos medios electrónicos, respectando en calquera caso os principios de boa fe e de utilización responsable.

Artigo 6. Principios de difusión da información administrativa electrónica

a. Principio de accesibilidade e usabilidade

Que garante:

- *O uso de sistemas sinxelos que permitan obter información de interese cidadán, de maneira rápida, segura e comprensible.*
- *A comprensión dos actos e documentos administrativos utilizando, na medida do posible, unha linguaxe fácil e culturalmente accesible de modo que estes documentos queden intelectualmente ao alcance da maioría de persoas.*
- *A posta á disposición dos cidadáns e as cidadás con discapacidades ou con dificultades especiais dos medios necesarios para que poidan acceder á información administrativa a través de medios electrónicos, seguindo os criterios e estándares xeralmente recoñecidos.*

b. Principio de exactitude da información que publique o Concello

Que garante, no acceso á información de forma electrónica, a obtención de documentos co contido idéntico, veraz, exacto e fiel ao equivalente en soporte papel ou no soporte en que se emitiu o documento orixinal. A dispoñibilidade da información en forma electrónica non debe impedir ou dificultar a atención personalizada nas oficinas públicas ou por outros medios tradicionais.

c. Principio de actualización

Que garante a actualización da información administrativa que sexa accesible por canles electrónicas.

d. Principio de garantía de protección de datos de carácter persoal

Que obriga a aproveitar a tecnoloxía dispoñible en cada momento para garantir os dereitos inherentes á protección dos datos persoais, garantindo as medidas de seguridade que impidan calquera trazabilidade persoal non amparada pola finalidade ou o consentimento.

e. Principio de consulta aberta dos recursos de información de acceso universal e aberto

Que garante:

- *O acceso á información administrativa que, de conformidade coa lexislación vixente, sexa de acceso xeral, sen esixir ningún tipo de identificación previa.*
- *A gratuidade da información que, de acordo coa lexislación vixente, sexa considerada información pública e xeral, sen prexuízo do previsto nas ordenanzas fiscais.*

Artigo 7. Principios de acceso electrónico da cidadanía ao procedemento administrativo

a. Principio de legalidade



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Que asegura o mantemento da integridade das garantías xurídicas da cidadanía establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b. Principio de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos

Que impide que o uso dos medios electrónicos comporte discriminación ou prexuízo para quen os use nas súas relacións co Concello.

c. Principio de trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos

Que obriga a levar a cabo as accións necesarias para establecer sistemas e procedementos adecuados e comprensibles de trazabilidade, que permitan á cidadanía coñecer en todo momento, e a través de medios electrónicos, as informacións relativas ao estado da tramitación e o historial dos procedementos e documentos administrativos.

d. Principio de intermodalidade de medios

Conforme ao cal e nos termos previstos nesta ordenanza e as súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderá continuarse por outro diferente, a condición de que se asegure a integridade e seguridade xurídica do conxunto do procedemento.

e. Principio de proporcionalidade

Que garante:

- *Que só se esixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e circunstancias dos diferentes trámites e actuacións.*
- *Que unicamente se requirirán á cidadanía os datos que sexan estritamente necesarios en consideración á finalidade para a que se soliciten.*

Artigo 8. Principios de promoción da cooperación interadministrativa en materia de administración electrónica

a. Principio de cooperación e de colaboración interadministrativas

Cuxo obxectivo é mellorar o servizo á cidadanía e a eficiencia na xestión dos recursos públicos, promovendo a sinatura de convenios e acordos co resto das Administracións públicas a fin de desenvolver as previsións incluídas nesta ordenanza, en particular, e entre outros os que teñan por obxecto a fixación de estándares técnicos e o establecemento de mecanismos para intercambiar e compartir información, datos, procesos e aplicacións, sempre de maneira interoperable.

b. Principios de acceso e dispoñibilidade limitada

Que implica o deber de facilitar o acceso das restantes Administracións públicas aos datos das persoas interesadas das que dispoña o Concello e que estean en soporte electrónico, especificando as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos mencionados coas máximas garantías de seguridade e integridade.

A dispoñibilidade dos datos mencionados no apartado anterior limitarase estritamente aos que as Administracións públicas requiran, no exercicio das súas funcións, para a tramitación e a resolución dos procedementos que sexan da súa competencia.

Artigo 9. Dereitos da cidadanía



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No marco desta ordenanza, recoñécese á cidadanía os dereitos enunciados no artigo 13 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais dereitos recoñecidos noutras normas e, en especial, os seguintes:

- a. Dereito a relacionarse co Concello a través de medios electrónicos.*
 - b. Dereito a esixir do Concello que se dirixa a través destes medios e obter documentos a través de formatos electrónicos.*
 - c. Dereito a gozar de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.*
 - d. Dereito a acceder á información administrativa, rexistros e arquivos a través de medios electrónicos.*
 - e. Dereito a participar nos procesos de toma de decisións e na mellora da xestión municipal a través de medios electrónicos e de recibir resposta ás peticións e consultas formuladas.*
 - f. Dereito a dispor de formación e soporte na utilización da administración electrónica.*
 - g. Dereito a acceder e utilizar a administración electrónica con independencia das ferramentas tecnolóxicas utilizadas.*
 - h. Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais e no resto dos dereitos que lle concede a normativa de protección de datos, en especial o dereito que a información persoal entregada non poida ser destinada a ningunha outra finalidade.*
 - i. Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións co Concello e das comunicacións que poida facer o Concello no que consten os seus datos.*
- l. Dereito á conservación en formato electrónico por parte do Concello dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente.*

Artigo 10. Deberes da cidadanía

- 1. No marco da utilización dos medios electrónicos na actividade administrativa e nas súas relacións co Concello, e para garantir o bo funcionamento e xestión da información, comunicacións, procesos e aplicacións da administración electrónica, a actuación da cidadanía estará presidida polos deberes establecidos na lexislación básica estatal e lexislación autonómica aplicable e, en especial, polos seguintes:*
 - a. Deber de utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica de boa fe e evitando o abuso.*
 - b. Deber de facilitar ao Concello, información veraz, completa e adecuada aos fins para os que sexa requirida.*
 - c. Deber de identificarse nas relacións administrativas por medios electrónicos co Concello, cando aquelas así o requiran conforme a normativa vixente.*
 - d. Deber de custodiar aqueles elementos identificativos persoais e intransferibles utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos co Concello.*
 - e. Deber de respectar o dereito á privacidade, confidencialidade e seguridade e o resto dos dereitos en materia de protección de datos.*
- 2. Ademais, as persoas xurídicas e as outras persoas e entidades referidas no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, terán o deber de relacionarse co Concello por medios electrónicos.*



TÍTULO II. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

CAPÍTULO I. A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS ELECTRÓNICOS

Artigo 11. Da innovación e a simplificación no ámbito procedemental

1. *Concello reducirá as cargas á cidadanía eliminando como necesarios para a iniciación dos seus procedementos administrativos os seguintes documentos salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario:*
 - a. *A copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.*
 - b. *Calquera certificado ou documento acreditativo do cumprimento duns requisitos que deba ser emitido por o propio Concello.*
 - c. *Calquera documento que sexa previamente elaborado e/ou emitido por o propio Concello.*
 - d. *Calquera dato ou documento que non sexa esixido pola normativa reguladora aplicable.*
 - e. *Os datos ou documentos que sexan achegados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración pública así como calquera documento que sexa elaborado e/ou emitido por calquera outra Administración pública e cuxa obtención estea dispoñible a través das plataformas de intermediación de datos do sector público (de darse as condicións para as consultas interadministrativas). Neste suposto presúmese a autorización para a consulta salvo que conste a súa oposición expresa á reutilización ou unha lei especial esixa o seu consentimento expreso.*
 - f. *Calquera documento ou copia do mesmo que achegue unha información necesaria pero que poida ser incorporada como datos ou metadatos á solicitude da persoa interesada.*

Co mesmo obxectivo de redución de cargas á cidadanía:

- a. *Reducirá a frecuencia nas obrigacións de solicitude e iniciación de procedementos administrativos.*
- b. *Dará preferencia ao uso de declaracións responsables e comunicacións previas, así como ás renovacións automáticas de autorizacións e licenzas previamente outorgadas.*
- c. *Procurará a mellora continua e innovación para a redución de prazos e tempos de resposta previstos nas normas.*
2. *O Concello revisará e analizará periodicamente e de acordo co apartado anterior o conxunto de procedementos administrativos que poidan verse afectados ante a aparición de novos servizos nas plataformas de intermediación de datos do sector público que permitan maiores reducións de carga.*
3. *O Concello analizará a viabilidade e optará pola tramitación simplificada do procedemento administrativo común alí onde sexa posible.*

Artigo 12. Da innovación, apertura e participación no ámbito regulamentario

1. *O Concello dará transparencia activa e publicará no seu Portal de Transparencia baixo a categoría de Normativa a seguinte información:*
 - a. *A normativa aplicable incluíndo o conxunto de ordenanzas e regulamentos en vigor no ámbito do Concello.*
 - b. *Os proxectos de Regulamentos cuxa iniciativa lles corresponda.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- c. *Os documentos que, conforme a lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación*
 - d. *O Plan Normativo Anual aprobado que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte dando así unha visibilidade a futuro da seguridade xurídica local.*
2. *O Concello fomentará a participación da cidadanía na elaboración de regulamentos e ordenanzas, elevando unha consulta pública previa co obxectivo de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas, seguindo o alcance e as directrices do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Artigo 13. Da tramitación simplificada

O concello fomentará o emprego da tramitación simplificada nos procedementos e nas relacións cos cidadáns a través da sede electrónica, e garantirá sempre o exercicio dos dereitos da persoa interesada.

CAPÍTULO II. A NOTIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS ELECTRÓNICOS

Artigo 14. Órgano competente para a notificación

1. *O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificará ás persoas interesadas cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, preferentemente de forma automatizada, mediante o sistema electrónico de posta á disposición.*
2. *Con todo, as notificacións dos acordos adoptados polos órganos colexiados practícaranse por Secretaría ou polo servizo administrativo responsable da tramitación do expediente, previa certificación dos mesmos pola persoa titular da Secretaría, preferentemente de forma automatizada, empregando o sistema de sinatura electrónica de que dispoña.*

Artigo 15. Prazo para a notificación

1. *Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.*
2. *As persoas interesadas que estean suxeitas, con carácter obrigatorio ou voluntario, ao sistema de notificación electrónica poderán sinalar un máximo de 30 días en cada ano natural durante os cales o Concello non poderá poñer notificacións á súa disposición no citado sistema de notificación electrónica, excepto cando o Concello acredite de forma motivada que iso resulte incompatible coa rapidez ou celeridade que requira unha actuación administrativa concreta para asegurar a súa eficacia.*
3. *O atraso na notificación derivado da designación realizada pola persoa interesada segundo o disposto no apartado anterior considerarase dilación non imputable á Administración, nos termos establecidos na normativa aplicable.*

Artigo 16. Protección de datos e outros límites aplicables á notificación

O Concello deberá adoptar as medidas necesarias para a protección dos datos persoais que consten nas resolucións e actos administrativos, cando estes teñan por destinatarios a máis dunha persoa interesada, así como aplicar, no seu caso, outros límites previstos na lexislación de transparencia.

Artigo 17. Enderezo de correo electrónico de aviso para a notificación



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

1. *A persoa interesada ou a súa representación poderá designar unha dirección de correo electrónico, para recibir avisos relativos á práctica de notificacións, con independencia da forma de practicar as mesmas.*
2. *A persoa interesada ou a súa representación será o único responsable de manter a dita información actualizada.*

Artigo 18. *Práctica electrónica da notificación*

Para a práctica da notificación electrónica, cumpríranse os seguintes requisitos:

- a) *Deberá quedar acreditación da identificación da persoa que accede á notificación.*
- b) *Deberá informarse de forma claramente identificable de que o acceso da persoa interesada ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos.*
- c) *Deberá quedar constancia do acceso da persoa interesada ou a súa representación ao contido da notificación, con indicación da data e a hora en que se produce.*

Artigo 19. *Práctica da notificación en soporte papel*

1. *O Concello deberá proceder á práctica da notificación en soporte papel nos casos previstos na lexislación de procedemento administrativo común, podendo para iso empregar os mecanismos establecidos na lexislación de servizos postais, realizar a entrega empregando para iso a un empregado público ao seu servizo ou por comparecencia da persoa interesada ou do seu representante nas dependencias do Concello ou en calquera outro lugar habilitado para o efecto.*
2. *Neste caso, deberase proceder á creación automatizada dunha copia auténtica en papel da notificación posta á disposición na sede electrónica, empregando para iso o código seguro de verificación do órgano notificante, ou o xeral do Concello.*
3. *A notificación mediante servizo postal realizarase conforme establece a normativa vixente en cada momento.*
4. *Da notificación en papel mediante comparecencia persoal ou entrega por empregado público deberá xerarse unha constancia escrita, inclusive en soporte electrónico, da recepción da notificación por parte da persoa interesada ou a súa representación, que será dixitalizada para a súa incorporación, en forma de copia electrónica auténtica, ao expediente.*
5. *Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición da persoa interesada na sede electrónica do Concello, para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.*

Artigo 20. *Publicación de anuncios de notificación infrutuosa*

a) Moción presentada polo grupo de goberno do Concello de Muros sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia (Exp. núm.: 2023/G012/000015)

A señora alcaldesa afirma que xa comentou na comisión informativa que esta moción non foi elaborada polo grupo de goberno, pero polo funcionamento dos plenos do concello de Muros, as mocións que chegan ao pleno deben vir da man dos grupos políticos dos concellos que conforman a corporación. Esta moción foi presentada polo grupo de goberno e foi elaborada inicialmente pola plataforma en defensa da Ría de Arousa e procede a ler o seguinte texto:



“MOCIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR NA ECONOMÍA, NA SOCIEDADE E NA IMAXE E PRESTIXIO DE GALICIA

O Grupo de Goberno do Concello de Muros propón ao pleno da corporación municipal a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede.

Exposición de Motivos

Sobre a importancia do sector do mar na economía, na sociedade e na imaxe e prestixio de Galicia.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 (Resolución A/RES/72/72) como Ano Internacional da Pesca e a Acuicultura Artesanais, en recoñecemento dos millóns de pequenos pescadores, acuicultores e traballadores do peixe e do marisco que proporcionan alimentos sans e nutritivos, contribuíndo á seguridade alimentaria e á nutrición, á erradicación da pobreza e ao uso sostible dos recursos naturais.

En Galicia estas actividades destacan tanto pola súa pegada social, económica e riqueza produtiva, como pola súa tradición, situando ao noso territorio como principal rexión pesqueira de Europa. Ademais estas actividades forman parte da nosa identidade, vertebran e arraigan poboación nos nosos municipios costeiros e son parte primordial da nosa paisaxe diferencial.

En 2020 os sectores da pesca (principalmente de artes menores), marisqueo e acuicultura (principalmente cultivos extensivos de bivalvos), aos que hai que sumar as industrias de procesado e conservación destes produtos representan o 1,8% do produto interior bruto da economía galega.

Galicia destaca no contexto nacional pola súa especialización nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura. De feito estas ramas de actividade primaria do mar galegas contribúen con máis do 40% do VEB xerado polas pesca, marisqueo e acuicultura española; e con máis do 55% en termos de emprego. En ningún país da UE as actividades relacionadas con estes sectores teñen tanta significación no ámbito social e económico, como en Galicia.

En 2020 a contribución ao PIB galego da pesca, o marisqueo e a acuicultura foi do 0,9%, moi superior á media europea (0,04%). A contribución ao emprego destas actividades sempre foi importante en Galicia, a pesar da tendencia descendente dos últimos vinte anos, e mantivo ao noso país como unha rexión altamente dependente da pesca (no seu sentido máis amplo). En 2020 empregaron en Galicia a 19.414 persoas, o 2,9% do total de Galicia (o 3,8% no ano 2000). Un terzo na industria de procesado e conservación e dous terzos nas actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas. En 2001 tiñamos en Galicia 6551 PERMEX de mariscadoras/es e no ano 2022 temos 3614. faena

En 2021 Galicia contabiliza unha importantísima flota pesqueira que maioritariamente no caladoiro nacional con 4.260 embarcacións (un 96% faena nos caladoiros nacionais e empregan maioritariamente artes menores). A estas hai que sumar 1.281 buques da acuicultura de bivalvos e auxiliares, que dan servizo principalmente as 3.386 bateas dedicadas ao cultivo do mexillón. Datos todos estes, que dan idea tamén da potencia galega na construción de barcos e viveiros flotantes, e son parte do rico patrimonio vivo da nosa carpintería de ribeira, que ven de ser recoñecido como Ben de Interese Cultural. A importante contribución da acuicultura extensiva de mexillón galega á soberanía alimentaria de Galicia e de España queda reflectida no seguinte dato: nas bateas fondeadas nas rías galegas produciuse en 2020 o 22% do total dos produtos da pesca e da acuicultura española. Ademais o mexillón galego é o único produto do mar español que goza do recoñecemento da súa calidade vinculada á orixe a través do selo europeo da Denominación de Orixe Protexida.

En Galicia teñen porto base case a metade da flota pesqueira de España e o 5,73% da flota pesqueira da UE. Con todo, dende 2004 todos os segmentos da flota pesqueira galega reducíronse; a meirande parte na flota que faena no caladoiro nacional, de 5.565 buques rexistrados en 2004 só sobreviven 4.043 en 2023. Esta merma tamén se da en termos de emprego: o número de tripulantes en toda a flota pesqueira galega era de 30.641 en 1986 e de 11.556 en 2021, unha diminución do 62% en trinta e catro anos.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Segundo o Anuario de Pesca de 2021, perante ese ano as operacións de venda nas lonxas galegas representaron case 3,8 millóns de transaccións comerciais e se comercializaron preto de 133 mil toneladas de produtos de pesca, que supuxeron unha facturación de case 413 millóns de €, dos que o 17,43% corresponden a bivalvos e o 68,26% a peixes.

Segundo a Análise do Sector da Pesca do IGE (2023), o sector da pesca e acuicultura ten un carácter senlleiro na nosa economía porque entre todos os nosos sectores económicos é o que presenta o maior índice de especialización produtiva fronte á UE-27.

Á importancia económica derivada do sector primario do mar únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Galicia susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da costa galega, coa actividade das embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo e as bateas nas rías. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades costeiras.

Considerando que o as administracións públicas deben contribuír, máis aló do programático, a que se eliminen as desigualdades e favorecer a erradicación da pobreza e das causas que a orixinan, mediante a redistribución equitativa da riqueza colectiva.

No considerado 19 do Regulamento (CE) n° 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, recoñécese que das actividades pesqueiras tradicionais depende en boa medida o desenvolvemento social e económico de determinadas comunidades costeiras e indícase que "os Estados membros deben esforzarse por ofrecer un acceso preferencial á pesca a pequena escala, artesanal e costeira", un claro mandato para desenvolver o espazo marítimo de Galicia. Asemade no art.2.1 afirmase: "A PPC deberá garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sostibles ambientalmente a longo prazo e se xestionen de xeito coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimentarios".

Considerando que a Comisión Europea fala nas súas directrices estratéxicas para o período 2021-30 [COM (2021) 236] da importancia da acuicultura (de baixo nivel trófico) e baixa pegada ambiental principalmente acuicultura de bivalvos (e de algas) como actividades sostibles que han de promoverse. Actividades que encaixan perfectamente dentro do Pacto verde Europeo pola súa reducida pegada de carbono e porque aportan á sociedade ademais de alimentos nutritivos e saudábeis, servizos ecosistémicos positivos. Considerando ademais que a UE destaca o papel importante que teñen os alimentos de calidade vinculada a orixe, como o Mexillón de Galicia DOP que enriquecen o patrimonio gastronómico europeo, e aportan garantías ao consumidor.

Considerando que a pesca, o marisqueo e a acuicultura de bivalvos son actividades de carácter extensivo, artesanal e sostibles e son as que se practican histórica e maioritariamente nas rías e litoral, ámbito xeográfico competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que, ademais da súa vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca, o marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos sinais de identidade máis importantes de Galicia. Ten un arraigo estrutural en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

costeiros e actúa sobre áreas costeiras de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado, na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local- rexional sobre moitos outros sectores de actividade, o que se destaca e defende pola Comisión de Pesca Europea.

Por todo isto presentamos a seguinte Iniciativa Lexislativa Popular, consistente na introdución de dous novos artigos (artigo 5 bis e 5 ter, no Título I) na vixente Lei de Pesca de Galicia:

Artigo 5 bis- Declaración de interese xeral.

Decláranse a todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia.

Artigo 5 ter.- Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia.

1. Nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo en Galicia, polas súas peculiares características, priorizaráse e garantíse o exercicio das actuais actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, fronte a calquera outro proxecto ou explotación ou á introdución de actividades que resulten incompatíbeis ou supoñan unha afectación negativa para as actividades produtivas devanditas.

2. En calquera proxecto ou explotación que supoña un uso do espazo marítimo onde se estean desenvolvendo as devanditas actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura de bivalvos será preceptivo e vinculante un informe da Consellería do Mar, que de ser negativo obrigará ao órgano competente a ditar unha resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións. O informe será remitido no prazo máximo de trinta días.

Por todo isto, os distintos sectores do mar propoñemos que o pleno municipal acorde:

1. Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garantan e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

2. Apoiar a I.L.P. "para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras" e facilitar a recollida de sinaturas.

3. Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario.

4.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA."

A señora alcaldesa sinala que esta moción pretende dotar de seguridade xurídica as nosas rías e protexelas de actividades que poidan danar os nosos ecosistemas. En Muros sábese que o crecemento e sustento dependen en gran medida da actividade pesqueira, especialmente nas augas interiores e na plataforma continental. Por esta razón, tanto o grupo municipal do BNG como o Partido Socialista cren que é indispensable apoiar a iniciativa lexislativa popular que se presenta.

A Sra. Monteagudo afirma que están dispostos a apoiar a moción, xa que todos os puntos aquí expostos están relacionados coa lexislación litoral que recentemente foi recorrida polo Goberno. Gustaríalles engadir un apartado máis no que se inste ao Pleno a pedir á Xunta de Galicia e ao Goberno central que constitúan unha comisión bilateral para aclarar as competencias na xestión do litoral e evitar conflitos actuais que se atopan no Tribunal Constitucional. E entende que estas cuestións deben aclararse e definirse adecuadamente para cada



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

administración. Tamén cren que a postura que se recolle aquí na Lei de ordenación do litoral podería ser máis ambiciosa, xa que se mencionan os plans de ordenación do espazo marítimo, un tema que preocupa enormemente ao sector pesqueiro. Con todo, a lei actual vai un pouco máis aló e inclúe calquera outro plan que se poida implementar dentro deste espazo litoral. Indica que se consideraran a posibilidade de introducir este apartado no acordo do Pleno, sen modificar a moción, de presentar á Xunta e ao Goberno estatal para constituír unha comisión bilateral que aclare as competencias. Entenden a preocupación do sector pesqueiro respecto dos plans de ordenación do espazo marítimo, que non están a ser consensuados nin coa administración autonómica nin co sector, e por iso están de acordo en apoiar esta moción.

A Sra. González sinala que están totalmente de acordo con esta moción, xa que a pesca, marisqueo e a acuicultura artesanal representan un dos trazos máis importantes de identidade de Galicia. Cre que non fai falta engadir máis detalles nin reiteralo, é suficiente para priorizar estas actividades nas nosas augas. Apoian esta moción e cren que non deben involucrarse noutros aspectos que non teñan relación coa cuestión en debate.

O Sr. Lago sinala tres detalles máis sobre a moción: a forma en que está exposta é incorrecta dende o inicio ata o final, dá a impresión directa de que o Concello de Muros pretende presentar unha iniciativa legislativa popular para modificar o artigo 5 da lei de pesca, que non é o mesmo que a lei de litoral. No fondo, está mal exposta. Un corte e pega de diversas cousas. En definitiva, pídese a modificación do artigo 5 da lei de pesca, lei aprobada no ano 2008 e unha modificación moi específica no decreto do 16 de decembro de 2009, revisado dende o ano 2022. O artigo 5 ao que fai referencia trata sobre as persoas que forman parte do grupo que defende ás rías. Perfectamente, o artigo 5 expresa claramente que dende o principio de 2008, as autorizacións e concesións outorgáranse preferentemente aos produtores de base, organizacións de produtores de base e, engadido en 2008, a calquera das súas formas asociativas que sexan titulares das inscricións e acrediten experiencia na súa explotación. En resumo, di que atoparía cuestionable a modificación, xa que unha persoa cuxo oficio sexa ter unha fábrica de zapatos non vai unha concesión administrativa en alta mar nin na costa relacionada coa lei de pesca de Galicia. Cre que se está referindo a algo máis que o que o presentado na moción. E di que é rechamante que esta iniciativa ou tema non estea a ser tratado por todos os concellos, mesmo por aqueles da costa. É fundamental manifestarse e falar libremente sobre esta iniciativa legislativa popular, que comprende a posibilidade de dirixirse ao parlamento de Galicia. Pero no parlamento de Galicia non só hai un grupo gobernante, senón tamén outros partidos como o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Calquera acción neste sentido, especialmente cambiar ese artigo, sería perfectamente asumible. Persoalmente, encontra discutible o fondo deste asunto, especialmente a defensa do sector costeiro. Con todo, considera que a forma en que está exposto o artigo non está ben estruturada para un especialista nesta moción. Espera que na segunda quenda se poida discutir máis sobre este tema.

A señora alcaldesa sinala en resposta ao Partido Popular que non teñen obxeccións en clarificar as competencias de cada un. Ademais, animan á Xunta de Galicia a reclamar todas as competencias en materia de costas e pesca para o noso territorio, xa que cre e defenden que así debería ser. Con todo, neste punto en concreto, cren que a moción non recolle ese artigo. Non está a abordar os temas relevantes relacionados coa costa e a pesca. Apoian a solicitude de reclamo de competencias para Galicia, pero neste punto específico, cren que non é pertinente. E en contestación ao Sr. Lago, como especialista en mocións, sinalará que está mal exposta cando a Secretaría non puxo ningún tipo de impedimento ou traba. A moción debería asemellarse a como se deben presentar, buscando o apoio a esta iniciativa legislativa popular que se menciona na documentación enviada. Non están a discutir este documento, xa que recolle o que a moción sería, en esencia. Apoian a moción para apoiar esta iniciativa legislativa popular e o feito de tomar o acordo de pleno situándonos a favor ou en contra. O resultado remitirase á plataforma, a cal será informada pola presidencia da Comunidade Autónoma.

A Sra. Monteagudo di que é lamentable, que este apoio non se traduza nun voto a favor neste caso. Con respecto á Lei de Ordenación Litoral e ás competencias reclamadas para a comunidade autónoma, como mencionou inicialmente, entendían que podería ser conveniente incluílo. Con todo, non teñen ningún problema en apoiar a moción, xa que unha parte desta levarase a cabo dende a Xunta de Galicia.

A Sra. González reiteran o seu apoio.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O Sr. Lago di que lle gustaría mencionar que faltan algúns aspectos relacionados coa moción. Ata o momento, di que ten 68 artigos que se lle aplicaron a el e fáltalle a aplicación do artigo 133 da Lei de procedemento administrativo a esta moción. Sería esencial aplicar ese artigo á moción. Máis aló diso, ten pouco máis que engadir. Parécelle lamentable que a moción estea mal exposta, aínda que o seu contido e propósito se entenda perfectamente. Dá a impresión de que é o Concello de Muros quen está a presentar esta iniciativa legislativa popular. Con todo, insiste en que o Partido Popular está de acordo en que se solicite ao seu grupo e aos seus representantes no parlamento que apoiem esta iniciativa sen esperar máis. Respecto da redacción da modificación do artigo, cre que debe incluír un apartado.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal socialista (3); e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1) aproba por maioría absoluta a seguinte acordo:

PRIMEIRO. Apoiar formalmente como necesario e oportuno que se garantan e prioricen as actividades da pesca, marisqueo e acuicultura extensiva no espazo marítimo da costa galega fronte a outras actividades que ben polo seu carácter contaminante ou porque ocupan o espazo da súa actividade, son contraditorias e poñen en perigo a súa sostibilidade.

SEGUNDO. Apoiar a I.L.P. "para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras" e facilitar a recollida de sinaturas.

TERCEIRO. Trasladar este acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia, instándolle a darlle o apoio parlamentario necesario.

CUARTO. Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.

A señora alcaldesa sinala que lle gustaría dar a palabra aos membros de PLADEMAR.

O Sr. Lago interrompe afirmando que ten que haber un receso para que poida falar alguén do público.

A señora alcaldesa dá paso un receso de tres minutos na sesión plenaria para que poida intervir unha persoa do público.

B. MOCIÓN DE URXENCIA

a) Moción presentada por Muros Centrado sobre a creación dun Premio literario na honra de Don Marcelino García Lariño

O Sr. Lago di que quere presentar unha moción por urxencia, presentada en prazo, porque non foi admitida para as comisións informativas do día 20 de outubro de 2023.

A Sra. Monteagudo roga que se convoque a xunta de voceiros e se aclaren os prazos para presentar as mocións, pois afirma que eles tamén presentaron unha moción que non foi incluída.

A señora alcaldesa preguntalle se ten algo que dicir sobre a urxencia.

A Sra. González di que non ven a urxencia por ningún lado.

A señora alcaldesa di que no mes pasado comentouse que se enviasen as mocións dous días antes da data previsible de convocatoria das comisións, e o normal é que se convoquen as comisións informativas os martes, pois nese momento unha moción do Sr. Lago entrou no mesmo día no que se enviaron. Se se inclúen no rexistro telemático o venres ou durante a fin de semana estarán no rexistro o luns á primeira hora. E poden dar traslado cando consideren algo urxente, e nun prazo de 2 horas dende que avisan estaría resolto. O que se dá entrada no rexistro trasládase e ao día seguinte. Se metes unha moción o mesmo día en que se envía a convocatoria das comisións informativas, tería que retrasarse o envío ao día seguinte. Hai traballo niso, unha carga de traballo bastante elevada para os departamentos do Concello. E como ben sabe, o grupo que se



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

marchou, hai unha carga de traballo importante. Nin o secretario nin eles están a vixiar todo o tempo o rexistro para ver a que hora entran as mocións, porque hai traballo necesario que se debe realizar. Sinala que ela ao día seguinte pola mañá, á primeira hora, revisa todo o que entra no rexistro da Alcaldía. E por iso, non se incluíu na orde do día deste mes, pero informa que se levará á comisión do próximo mes.

O Sr. Lago di que non ten por que crerlle todo o que di a alcaldesa e que el no ano 2015 xa enviou unha proposta ao Concello e que hai unha persoa a quen honrar para que as xeracións máis novas a coñezan.

A Sra. Monteagudo di que todos estes problemas se podían evitar facendo unha xunta de voceiros para aclarar prazos.

A Sra. González está totalmente de acordo coa alcaldesa.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e coa abstención grupo municipal do BNG (3) e do grupo municipal socialista (3); queda rexeitada a urxencia.

O Sr. Lago di que non ten máis mocións, pero si trinta para o pleno de xaneiro.

A señora alcaldesa indícalle que chegados ás 24.00 h levantarase a sesión e sinala que a moción levarse ás comisións de novembro e que o equipo de goberno non vai desprestixiar en ningún momento a Marcelo da Rabela.

C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

SEXTO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 807/2023 do 1 de setembro de 2023 ata o núm. 924/2023 do 30 de setembro de 2023, e da XGL núm. 17 de 6 de setembro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

SÉTIMO. Rogos e preguntas

A señora alcaldesa afirma que vai responder primeiro ás preguntas do grupo mixto Muros Centrado que quedaron no aire:

O Sr. Lago preguntou a canto ascende a débeda que ten a empresa Espina e Delfin, concesionaria do servizo de augas, co Concello de Muros e di que non require as cantidades deste exercicio. A alcaldesa responde que a concesión da xestión do servizo de subministración de augas faise a través da Mancomunidade Muros e Carnota. Actualmente teñen que falar dunha cantidade indeterminada que debe calcularse atendendo a distintos datos que a mancomunidade e a empresa deben negociar.

O Sr. Lago preguntou que número de contribuíntes dende o ano 2015 teñen aboado ao Concello de Muros a taxa a que fai referencia a ordenanza de aplicación sobre "restos cadavéricos", trasladados dende outros cemiterios ao cemiterio municipal da Atalaia. A señora alcaldesa contesta que dende o ano 2015 foron 85 os contribuíntes que aboaron a taxa e 124 reinhumacións.

Preguntou cantos contribuíntes (dende o ano 2015) do padrón correspondente á Ordenanza do lixo se acolleron ao disposto artigo 5.1 da vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo, do Concello de Muros, que regula a bonificación a que teñen dereito os contribuíntes que estean comprendidos nas causas ás que fai referencia o artigo. A señora alcaldesa responde que dende os 2015 fixéronse 242 bonificacións

Preguntou que é un "aparato" que está no poste da Costa de Serres, ao lado do supermercado Eroski. A señora alcaldesa responde que ese "aparato" é unha protección para a terminación do cableado do tendido eléctrico

O Sr. Lago preguntou se a señora alcaldesa coñece o artigo 144 do plan especial do conxunto histórico de Muros, e se o coñece, preguntou por que a oficina de urbanismo non o aplica ou o aplica de forma temeraria.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa indica que si o coñece, e de non coñecelo sabe onde ilo buscar. Ata onde ten coñecemento, estase aplicando de forma obxectiva e profesional, se coñece algún caso no que non se fixese, debe reclamálo ante a oficina de urbanismo.

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR PARA ESTE PLENO:

A Sra. Monteagudo di que lles chama moito a atención que se externalice parte dos servizos da piscina mediante a contratación externa dun monitor deportivo e un socorrista, polo que queren saber se esta será a maneira de cubrir vacantes no Concello, xa que aparentemente a praza que se pretende cubrir é unha excedencia. Indica que lle gustaría recibir copia dos informes da Intervención e Secretaría sobre esta contratación. Estes informes poden achegarse sen problema na documentación do próximo pleno, aínda que se fose posible, preferirían que llos enviasen por correo electrónico.

Tamén lles chama a atención que se anote como data de inicio dos obradoiros de Cultura o 30 de outubro, cando o anuncio de contratación de servizos para os talleres ten como data final de presentación de propostas o mesmo día. Queren ter unha explicación. A señora alcaldesa sinala que se lle contestará no seguinte pleno.

Pregunta pola retirada de cascallos da Capela de San Pedro? A señora alcaldesa afirma que asinou unha licenza para comezar con parte das obras e que o Arcebispado presentou un novo proxecto.

En relación ao anterior, pregunta se ten pensado crear a xunta de voceiros? A señora alcaldesa di que toma nota.

A Sra. Monteagudo pregunta se van a rozar algo.

A Sra. Monteagudo di que a señora alcaldesa lles informou que estaban a revisar os proxectos que quedaron pendentes como o da Ribeira do Maio, polo que lles gustaría saber que técnico e cales son os proxectos que están a ser revisados. A señora alcaldesa responde que se están a revisar eses proxectos polos distintos departamentos do concello.

Pregunta cando se prevé sacar a licitación a obra de Solleiros. A señora alcaldesa sinala que cando estea todo listo.

Rogan que se revisen as pedras da rúa Ancha e da praza do Mercado e que limpen os contedores de lixo e que coloquen os sistemas de suxeición e sinala que na programación de formación do obradoiro de emprego unhas das actuacións previstas era esa, polo que lles gustaría saber se seguen con ese proxecto. A señora alcaldesa responde que si.

A Sra. Monteagudo afirma que hai moito lío de tráfico no entorno do centro médico polo que lles gustaría que valorasen establecer un circuíto de entrada e saída ou que a policía local regulase o tráfico nos momentos máis puntuais. A señora alcaldesa responde que se está a valorar poñer a parte de atrás do centro médico como zona dun único sentido.

A Sra. Monteagudo pregunta se van facer algunha actuación para mellorar a iluminación pública, e a señora alcaldesa sinala que está a valorar de metelo nas subvencións e que se vai intentar mellorar a do conxunto histórico pois é o que máis gravidade presenta.

Pregunta en relación ás subvencións convocadas para melloras en vivendas do centro histórico, se se realizaron algunhas accións respecto disto na mesma liña na que xa viña traballando. A señora alcaldesa di que se está a explorar a posibilidade de ampliar e facilitar o acceso a estas subvencións a máis xente.

A Sra. Monteagudo di que queren saber se se está progresando no orzamento e se se formula compartir algunha información co resto da corporación. A señora alcaldesa responde que dende o primeiro día están a traballar nos orzamentos e, a diferenza doutros, convocaran a todos os grupos para negociar, independentemente da maioría.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Pregunta se está considerando actividades para maiores en diferentes momentos do ano, tanto no ámbito cultural como en servizos sociais. A señora alcaldesa sinala que se están a considerarse diversas actividades para o grupo de maiores, tanto no ámbito da programación de Nadal como en diferentes momentos ao longo do ano, enfocadas na cultura e os servizos sociais.

A Sra. Monteagudo quere saber se houbo avances no tema do xulgado. A señora alcaldesa sinala que no día seguinte teñen unha reunión programada cunha parte do sector legal do concello, ademais de conversacións coa Dirección Xeral de Xustiza. Enviouse o informe urbanístico sobre a parcela ofrecida. Tamén recibiron a opinión do departamento correspondente sobre a súa localización. Gustaríalles saber se se debería considerar unha nova avaliación para determinar a localización do xulgado e que criterios deben terse en conta no caso de que se busque crear un novo nun lugar específico do municipio. Reiteran a súa insistencia na importancia de contar cun edificio xudicial adecuado para Muros. Apoian a existencia dun edificio de xulgados no municipio, queren un que sexa funcional e que sirva durante moitos anos, garantindo a seguridade para todas as persoas que deban comparecer, independentemente da súa condición.

A Sra. Monteagudo pide que se lle proporcione esa información e os informes de Secretaría, Intervención e o informe urbanístico enviado á Dirección Xeral.

Di que lles gustaría tamén retomar un tema que expuxeron anteriormente e que consideran fundamental. Queren coñecer os termos do pacto de goberno, xa que cren que é algo evidente e esencial para a estabilidade. Queren claridade na composición do goberno e o que se acordou en termos organizativos sen esconder nada. A señora alcaldesa di que cren que a estabilidade se logra cun acordo claro na composición do goberno. Ademais, comprácelles anunciar que a partir do próximo mes, a compañeira Maruxa Martínez Romani unirase, asumindo a delegación da área de muller e colaborando en servizos de igualdade, servizos sociais e programas de lingua durante estes próximos 4 anos. É esencial para nós traballar en conxunto e, en caso de discrepancias entre os programas presentados polos diferentes grupos políticos en campaña, buscarán un enfoque unificado para avanzar no traballo.

ROGOS E PREGUNTAS PARA ESTE PLENO DE MUROS CENTRADO:

O Sr. Lago di que primeiro ten un rogo seguido dalgunhas preguntas con respecto aos rogos, lembrando que estes se refiren á formulación dunha proposta dirixida aos órganos de goberno municipais. Os rogos poden ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación. Ten claro que o rogo se dirixe aos órganos de goberno municipal, é dicir, que con respecto á súa discusión significa un liderado que os señores corporativos poderán definir sobre os temas expostos. Que o artigo 23 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, no seu apartado 4, establece que ao terminar a sesión plenaria, o alcalde ou alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público asistente sobre temas específicos de interese municipal. Corresponden ao alcalde ou alcaldesa ordenar e pechar esta quenda, segundo este artigo. Polo que solicita á señora alcaldesa que faga uso deste dereito e permita ao público asistente a este pleno expor un rogo ou pregunta sobre asuntos de competencia municipal, desta maneira, abrindo o espazo necesario para a transparencia que debe reinar no goberno do concello. Non hai mellor momento para permitir que ao final do pleno, o público asistente que desexe intervir poida facelo. Solicito que este rogo se someta a debate conforme ao artigo citado, e que os señores corporativos expresen a súa opinión respecto diso. Indica que quere destacar a importancia de debater e abrir espazos á participación veciñal.

A señora alcaldesa di que dará a palabra ao Partido Popular para ver se desexan contestar algo.

A Sra. Monteagudo pregunta se quere someter a debate este rogo.

O Sr. Lago di que é unha posibilidade para acordar algo, pero depende da alcaldesa tomar a decisión respecto diso.

A Sra. Monteagudo indica que non hai problema cos rogos, pero é necesario entender que algúns temas poden requirir a intervención do goberno para ser considerados. Cada un pode presentar o seu rogo, e non ve a necesidade de debater o rogo.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa sinala que o Sr. Lago roga que se debata o seu rogo de que as persoas do público interveñan no pleno ao final.

A Sra. Monteagudo afirma que é a xunta de voceiros onde teñen que acordar este tipo de cuestións.

A Sra. González di que sempre se deixou intervir ás persoas do público, e que isto non é unha asemblea pois teñen que tomar decisións.

A señora alcaldesa di que non hai ningún problema e que ogallá houbera máis público.

O Sr. Lago expón que no próximo pleno municipal se realice na parroquia de Esteiro e pide que se someta este rogo conforme ao artigo citado, e que os señores corporativos manifesten o seu parecer.

A Sra. Monteagudo indica que pensan que as sesións plenarias deben celebrarse na casa do concello, salvo que se debata algún tema específico de interese para algunha parroquia e se poida modificar a localización de maneira excepcional. Cren que a dignidade da institución está adecuadamente representada na Casa do Concello, e dúbidan que legalmente sexa posible realizar isto de forma habitual.

A Sra. González afirma que se non hai motivo xustificado, consideran que non hai un lugar máis axeitado para celebrar os plenos da Corporación que a sala do concello. Eventualmente, poderían acordar un cambio de sede de maneira moi puntual e excepcional, pero non é algo que deban facer habitualmente, xa que cren que as persoas interesadas en asistir aos plenos coñecen o lugar e saben que as portas están abertas, e non debería ser un impedimento para eles.

A señora alcaldesa di que actualmente, cos sistemas informáticos, as persoas poden ver os plenos dende os seus fogares, o que facilita a accesibilidade.

O Sr. Lago sobre o problema das ratas, entende a preocupación dos residentes de Muros e doutras.

A señora alcaldesa sinala que nas limitacións das desratizacións, é importante ter en conta as propiedades privadas en mal estado que contribúen a este problema e intensifican este problema.

O Sr. Lago di que en canto ao reloxo do concello, suxeriuse modificar as melodías pre gravadas pois non lle gustan. Aínda que a opción é válida, algúns preferirían que a música fose interpretada pola Orquestra Sinfónica de Galicia.

A señora alcaldesa di que a música do reloxo non son cancións nun USB que lle trasladarán a súa queixa aos fabricantes do carillón.

A Sr. Lago roga que o concello conte cun equipo DRON para o GES e a policía local e pide que se someta a debate.

A Sra. Monteagudo non ve que o DRON o poida manexar calquera e cre que hai empresas que de maneira puntual poden prestar este servizo.

A Sra. González di que é máis necesario cubrir as prazas vacantes no GES e na policía local.

A señora alcaldesa sinala que estes departamentos nunca llo pediron, e se o piden, comprárase.

O Sr. Lago roga que lle permita regalar un DRON ao concello.

O Sr. Lago roga que poñan bancos e papeleiras no parque biosaudable.

O Sr. Lago roga que a policía local controle a velocidade dos coches na zona da Acea, Axesta, etc

O Sr. Lago roga que se arranxen as beirarrúas ao final do parque biosaudable.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

E como último, roga que os decretos veñan ordenados por número. E con respecto aos decretos 866, 865, 774 e 859 da renuncia dun avogado, roga que contraten avogados de Muros.

Unha persoa do público roga que se arranxen esas beirarrúas.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e oito minutos, e de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.